

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

7373 Orde PRE/1206/2014, do 9 de xullo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

A Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, ten como obxecto a prevención dos accidentes graves que poderían resultar de determinadas actividades industriais e a limitación das súas consecuencias para a saúde humana e o ambiente. Esta directiva foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, posteriormente modificado polo Real decreto 119/2005, do 4 de febreiro, e o Real decreto 948/2005, do 9 de xullo.

A Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, foi importante para reducir a probabilidade e as consecuencias deses accidentes e, xa que logo, para ter un mellor nivel de protección en toda a Unión Europea fronte aos ditos riscos. Non obstante, mediante o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, a Unión Europea adopta o Sistema global harmonizado das Nacións Unidas sobre clasificación e etiquetaxe de produtos químicos, co cal se introducen novas clases e categorías de perigo que non se corresponden na súa totalidade coas utilizadas na citada Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996.

Por todo o anterior, o 4 de xullo foi aprobada a Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e pola que se modifica e ulteriormente se derroga a Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996.

Esta nova directiva, no seu artigo 30, establece que se introduzan naquela as palabras «d) fuel óleos pesados», baixo a rúbrica «Produtos derivados do petróleo» da parte 1 do anexo I.

Ademais, o artigo 31 obriga a que esta modificación se incorpore ao noso ordenamento xurídico como máis tarde o 14 de febreiro de 2014.

Por conseguinte, cómpre proceder á modificación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, para adaptalo ao citado artigo 30 da Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012.

Os demais aspectos desta directiva deberán quedar incorporados ao ordenamento xurídico español como máis tarde o 31 de maio de 2015.

Esta orde ministerial dítase ao abeiro da disposición derradeira segunda do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, pola que se habilitan os titulares dos departamentos competentes para modificar, mediante orde ministerial conxunta, os seus anexos.

Na tramitación desta disposición cúmplense os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, someteuse a informe da Comisión Nacional de Protección Civil.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior; de Fomento; de Emprego e Seguridade Social; de Industria, Enerxía e Turismo; de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.*

Engádese unha letra d) ao anexo I, parte 1, columna 1, referente a produtos derivados do petróleo do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, co contido seguinte:

«d) Fuel óleos pesados.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o artigo 30 da Directiva 2012/18/UE do Parlamento e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de xullo de 2014.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.